

BASTA DE ATAQUES AO GALEGO. BASTA DE ATAQUES AO ENSINO PÚBLICO

Enviar fax á Consellería de Educación: 981 54 54 43

Enviar copia a Mesa Pola Normalización Lingüística: 981 85 37 82

Os estudantes do IES _____ de _____

Queremos amosar o noso máis enérxico rexeitamento á política educativa da Xunta de Galiza.

A política de recortes educativos (despedimento de profesores, redución orzamentaria, peche de centros, masificación, falta de material...) empeora as nosas condicións de estudo. Dentro desta política de recortes, o galego tamén está baixo ataque.

Despois do decretazo contra o galego aprobado pola consellería de Educación, a nosa lingua retrocede con rapidez no ensino. Ese era o seu obxectivo, porque a dereita despreza o galego e considera que é unha lingua de pailáns.

Os estudantes e os traballadores e traballadoras non aceptamos máis ataques ás nosas condicións de vida e estudo. Esiximos a retirada inmediata do decretazo contra o galego, o incremento do investimento para potenciar a nosa lingua e o fin dos recortes no ensino público.

Claro que hai cartos para garantir un ensino público de calidade e para impedir o retroceso do galego. Eses cartos están en mans dos grandes capitalistas e banqueiros. Esiximos que sexan usados para resolver os problemas da maioría.

En _____ a _____